

# Aprendizaxe-Servizo e cooperación para o desenvolvemento



## Informe de necesidades sociais de Cabo Verde

### Desafíos no marco da Axenda 2030 e do V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026)

Vázquez-Rodríguez, Ana; Sotelino-Losada, Alexandre; Mella-Núñez, Ígor e Avendaño-Carballo, Nicolás

Marzo de 2024

**Proxecto de cooperación ao desenvolvemento.** Aprendizaxe-Servizo e cooperación para o desenvolvemento. Formando para a cidadanía global (PR815A 2023-5). Financiado ao abeiro das subvencións da Xunta de Galicia para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030 (ORDE do 14 de xuño de 2023, DOG N<sup>o</sup> 119 do 23 de xuño de 2023)

# INFORME RESULTADO DA ANÁLISE DE NECESIDADES SOCIAIS DE CABO VERDE NO MARCO DO PROXECTO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO “APRENDIZAXE-SERVIZO E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. FORMANDO PARA A CIDADANÍA GLOBAL” (PR815A 2023–5)

## Autoría:

Vázquez-Rodríguez, Ana (Coordinadora do informe)

Sotelino-Losada, Alexandre (IP do proxecto)

Mella-Núñez, Ígor

Avendaño-Carballo, Nicolás

## Lugar e data de edición:

Santiago de Compostela, marzo de 2024



Esta licencia permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes desta obra sempre que se cumpran as seguintes condicións:



**Autoría e atribución.** Deberase respectar a autoría indicando o nome dos autores e das autoras. Débese dar crédito de maneira axeitada, brindar unha ligazón á licencia, e indicar si se realizaron cambios.



**Non comercial.** Non se pode facer uso do material con propósitos comerciais.



**Compartir igual.** Se mestura, transforma ou crea a partir do material, debe distribuír a súa contribución baixo a mesma licencia deste orixinal.

## ÍNDICE

Introdución .....	1
Fundamentación teórica. Aprendizaxe-servizo, cooperación e educación para o desenvolvemento e necesidades sociais: unha resposta ao contexto caboverdiano .....	4
1.1 Aprendizaxe-Servizo e cooperación para o desenvolvemento. Unha oportunidade para o traballo comunitario .....	5
1.2 Necesidades sociais de Cabo Verde. Axuste aos desafíos da Axenda 2030 e do V Plan Director de Cooperación Galega.....	10
Obxectivo e preguntas de investigación .....	17
Metodoloxía.....	18
3.1 Participantes .....	18
3.2 Instrumento .....	20
3.3 Procedemento de recollida e codificación e análise de datos.....	22
Resultados e discusión.....	24
4.1 Implicación na comunidade do profesorado universitario de Cabo Verde .....	24
4.2 Formación na metodoloxía de ApS do profesorado universitario de Cabo Verde .....	26
4.3 Estilo docente do profesorado universitario de Cabo Verde .....	28
4.4 Perspectiva do profesorado universitario sobre o compromiso social da universidade.....	29
4.5 Axuste dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no quefacer docente .....	31
4.6 Perspectiva do profesorado universitario sobre as necesidades sociais de atención urgente na contorna caboverdiana.....	33
Conclusións .....	35
Referencias .....	39
Anexos.....	43
Anexo I Cuestionario para a detección de necesidades sociais e a formación docente na educación superior en Cabo Verde (Castelán) .....	43
Anexo II Questionário para a detecção de necessidades sociais e a formação docente na educação superior em Cabo Verde (Portugués).....	50

## Introdución

No contexto contemporáneo emerxen numerosas necesidades sociais para as que é inaprazable unha resposta axustada se o que se pretende é mellorar as condicións de vida das poboacións e promover un desenvolvemento máis sostible, equitativo e inclusivo.

Xustamente, no presente informe que amablemente presentamos, o que nos move é afondar nas esixencias sociais de Cabo Verde ás que convén prestar atención na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas, e cunha liña clara de converxencia coas prioridades transversais do V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026) da Xunta de Galicia.

É evidente que unha reacción firme diante de necesidades inescusables mediante metodoloxías, estratexias e actuacións impulsadas dende a Academia, suporá o fortalecemento das alianzas entre institucións educativas e a propia sociedade civil, que deben camiñar sempre xuntas, dende sinais de reciprocidade, no logro dunha mellora xenuína das condicións de vida de persoas e comunidades. Non esquezamos o labor imprescindible de responsabilidade social que as universidades deben asumir coa súa contorna.

En concreto, este traballo derívase da primeira fase de execución do Proxecto de cooperación galega para o desenvolvemento titulado “COOPAPS. Aprendizaxe-Servizo e Cooperación para o Desenvolvemento. Formando para a Cidadanía Global”, que se desenvolve entre setembro de 2023 e novembro de 2024. O obxectivo xeral desta iniciativa é mellorar o benestar social e a convivencia da comunidade local a través de proxectos educativos que xeren sinerxías entre Universidade e Comunidade a partir da metodoloxía de aprendizaxe-servizo (ApS).

A posta en marcha deste proxecto está avalada polas evidencias dunha longa traxectoria do equipo de traballo, conformado polo Grupo de Investigación Esculca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (<https://www.usc.es/esculca/>), cunha ampla bagaxe na metodoloxía de ApS, xunto coa firme colaboración da entidade social Farmamundi (<https://farmaceuticosmundi.org/>), ONG de cooperación ao desenvolvemento con experticia na atención de necesidades sociais vencelladas coa promoción dunha saúde integral. Este consorcio ten permitido contactar con axentes relevantes do contexto caboverdiano, caso de representantes da Universidade de Cabo Verde (Uni-CV), á que se dirixen ás accións do proxecto, ou de organizacións da sociedade civil entre as que cómpre resaltar a Plataforma de ONGs de Cabo Verde.

As accións do proxecto parten dos beneficios, xa demostrados grazas á longa bagaxe do equipo, que ofrece o desenvolvemento de proxectos de aprendizaxe-servizo á hora de converterse en xerme de novas solucións contextualizadas ás necesidades sociais de Cabo Verde, e que están sendo identificadas polo profesorado na fase de deseño destas experiencias.

Ditos proxectos de ApS, que se desenvolverán na segunda etapa do proxecto, requiren dun diagnóstico baseado en evidencias da realidade caboverdiana e mesmo dunha análise do perfil do profesorado participante da Uni-CV, que será un axente esencial no desenvolvemento destas experiencias en colaboración con organizacións da sociedade civil e que, ao mesmo tempo, será canle de optimización das aprendizaxes do estudiantado. Con todo, como anunciamos, diante da posta en marcha destas iniciativas é fundamental proceder cun diagnóstico do estado da cuestión en Cabo Verde. Esta é a finalidade última do traballo que expoñemos nas seguintes páxinas.

Precisamente, o obxectivo principal deste informe é identificar as necesidades sociais da contorna comunitaria de Cabo Verde dende a visión do profesorado como grupo experto e mediador na transferencia do coñecemento entre universidade e comunidade. Con dito propósito, afondaremos dende a óptica dos e das participantes non só nas necesidades sociais de maior urxencia e a súa abordaxe na docencia, senón tamén en aspectos clave vencellados ao liderado deste colectivo como un axente social clave neste contexto. É o caso da súa implicación na comunidade, a óptica do compromiso social institucional, o estilo docente, e a formación previa na metodoloxía de ApS como eixo central do proxecto.

Por último, co fin de facilitar a súa lectura, na estruturación do informe comezarse abordando as coordenadas teóricas e epistemolóxicas do estudo. Así, na primeira parte do traballo realízase tanto unha análise das posibilidades da metodoloxía de aprendizaxe-servizo para a intervención sociocomunitaria no marco da cooperación para o desenvolvemento, como un diagnóstico do estado da cuestión sobre as necesidades sociais da contorna caboverdiana en liña cos retos da Axenda 2030 e as prioridades transversais da cooperación galega.

Seguidamente, detállanse os obxectivos e preguntas de investigación, que resolvemos no seguinte apartado, que pivota na discusión comparativa dos resultados obtidos coa panorámica do contexto ofrecida no apartado inaugural do traballo. Por último, detállanse as principais conclusións, ademais de potenciais liñas de indagación neste tópico.

Por último, non queremos rematar sen agradecer os folgos das persoas e entidades que fixeron posible esta investigación. En primeiro lugar, debemos recoñecer a relevancia do pulo, por parte da cooperación galega da Xunta de Galicia, a proxectos de intervención socioeducativa



## **Fundamentación teórica. Aprendizaxe-servizo, cooperación e educación para o desenvolvemento e necesidades sociais: unha resposta ao contexto caboverdiano**

A aprendizaxe-servizo (ApS) representou, e segue a representar, un papel esencial na contribución do sistema educativo e/ou universitario ao desenvolvemento das sociedades. Dita metodoloxía experiencial proporciona unha resposta axeitada e contextualizada ás necesidades sociais grazas á colaboración e reciprocidade entre institucións académicas e entidades sociais, colectivos e comunidades.

O seu desenvolvemento, ben recoñecido en distintas localizacións xeográficas do mundo, ten sido factor fundamental para avalar o seu percorrido a diferentes niveis. Xa que logo, o que se pretende é artellar novas alianzas entre universidade(s) e comunidades(s) a través de accións que, dende o marco da cooperación galega, servirán para potenciar sinerxías entre o contexto galego e o caboverdiano, e mesmo entre os propios axentes sociais e académicos desta contorna, mantendo o impacto das accións formuladas. Nesta liña, a ApS permite seguir traballando en sintonía coas prioridades transversais en materia de cooperación galega dispostas no seu V Plan Director (2023-2026) (Xunta de Galicia, 2023) e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) dispostos na Axenda 2030 (Organización das Nacións Unidas [ONU], 2015a).

Dunha banda, esta metodoloxía é esencial na detección de necesidades sociais das comunidades nas que os e as protagonistas poden ofrecer solucións innovadoras, que parten da transferencia do coñecemento dende a Academia e aseguran a súa acollida por mor da estreita cooperación con organizacións sociais e entidades comunitarias de diferente índole. Cómpre resaltar que a aprendizaxe-servizo vólvese un pilar na consideración e recoñecemento das identidades e culturas nas que se desenvolven ditas experiencias, xa que, fronte a accións externas descontextualizadas, esta estratexia ofrece un marco pedagóxico propicio para dar resposta ás necesidades sociais do contexto caboverdiano.

Doutra banda, a ApS permite abranguer os desafíos vencellados cunha maior equidade, loita contra as desigualdades, apoio aos dereitos humanos e traballo a prol da igualdade de xénero. Trátase, así pois, de accións promovidas por institucións académicas en estreita cooperación con entidades sociais, que empoderan ás poboacións diante da consecución dos ODS. Asemade, esta metodoloxía activa pode estimarse como promotora da participación cidadá no marco comunitario, pois ten en conta a súa identidade propia, mellora a conciencia crítica sobre os problemas sociais e xera, ao mesmo tempo, procesos de (de)construción e

consolidación dos modelos de convivencia, xunto coa promoción dun coñecemento colectivo e dun maior benestar que impacta na súa resiliencia.

Considerando o anterior, de seguido, xustificarase como a ApS, no marco da cooperación e educación para o desenvolvemento, tórnase unha oportunidade esencial para potenciar o traballo comunitario cunha atención contextualizada ás necesidades sociais da contorna. Do mesmo xeito, e de forma específica, aténdese ao contexto de Cabo Verde, no que se abordarán as necesidades sociais e os desafíos presentados, tomando como referencia os documentos de partida (V Plan Director da cooperación galega e Axenda 2030) que permitirán contrastar a información obtida. Do que se trata, en definitiva, é de diferenciar aqueles fundamentos teóricos e epistemolóxicos esenciais, que serven de guía de orientación para a execución da investigación, e que se detallan especificamente nos subseguintes apartados do informe.

### *1.1 Aprendizaxe-Servizo e cooperación para o desenvolvemento. Unha oportunidade para o traballo comunitario*

A aprendizaxe-servizo é unha metodoloxía educativa en auge, cunha crecente popularidade e institucionalización nos currículos formativos dos sistemas educativos de cada vez máis Estados (Sotelino et al., 2021). Conceptualízase como unha estratexia que integra nos currículos exercicios prácticos dentro doutras institucións sociais, para así reforzar a aprendizaxe do alumnado á vez que presta un servizo á comunidade (Puig e Bär, 2018). Do mesmo xeito, defínese por varios elementos fundamentais, a saber: o aprender facendo (*learning by doing*); a súa formalización nos currículos formativos; a participación das institucións educativas no seu medio; e o retorno á comunidade (Naval et al., 2011).

Respectivamente, os dous primeiros principios refírense á aprendizaxe e os seguintes ao servizo prestado á sociedade. O aprender facendo é unha cuestión didáctica exposta xa dende os argumentos do precursor teórico da ApS, John Dewey (1859-1952), defensor de que a aprendizaxe significativa require, de maneira imprescindible, da aplicación práctica dos contidos e dos obxectivos curriculares (Dewey, 2004). Nesta liña, a ApS forma parte da educación formal e institucionalizada, e os seus proxectos deben contextualizarse en materias definidas nos plans de estudo das institucións educativas, seguindo obxectivos e contidos curriculares.

Con todo, a ApS non se esgota nas institucións académicas, senón que busca a cohesión destas co seu medio, prestando un servizo á comunidade. A través da identificación de necesidades sociais que se correspondan cos obxectivos dunha materia curricular, desenvólvese un proxecto onde o alumnado debe poñer en práctica o aprendido a través dun labor

comunitario. É así como se contextualiza a institución académica no seu medio, converténdose a educación nun motor de desenvolvemento comunitario (Lotti e Betti, 2019).

Consecuentemente, un proxecto de aprendizaxe-servizo parte de tres axentes centrais implicados: a institución educativa, no noso caso de estudo a universidade e os seus e as súas profesionais; o alumnado participante; e a comunidade de referencia (Santos Rego et al., 2021).

Comezando pola universidade e a súa equipa de profesionais, cómpre aludir ao vínculo da aprendizaxe-servizo coas tres misións das institucións de educación superior: a formación de profesionais cualificados/as, a investigación científica, e a transmisión de coñecemento e o retorno á sociedade. Con respecto á investigación científica, a ApS facilita a aproximación a contextos educativos e a intervención nestes. Do mesmo xeito, é tamén un foco de formación continua para investigadores/as e profesionais ao promover un deseño curricular particular como tarefa docente (Kezar e Rhoads, 2001). Ademais de promover a cooperación entre as distintas institucións públicas e privadas involucradas (Álvarez et al., 2017).

A aprendizaxe-servizo está presente na transmisión de coñecemento e o retorno á sociedade en tanto que involucra a terceiros no proceso, establecendo unha transmisión de información constante sobre as necesidades detectadas, os procesos realizados e os resultados alcanzados (Monzó et al., 2018). Ao mesmo tempo que ten como obxectivo o desenvolvemento comunitario mediante actividades que os e as estudantes aplican en contextos comunitarios.

Por iso, a aprendizaxe-servizo tórnase nunha oportunidade educativa para o estudantado universitario, contribuíndo a que as institucións de educación superior afronten a formación de profesionais con óptimos niveis de cualificación e axuste á realidade social e profesional no marco dunha preparación para a vida. Especialmente, a súa aplicación facilita a aproximación a contextos de inserción laboral, a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, a construción da identidade profesional e a toma de conciencia das necesidades sociais do contexto inmediato (Rodríguez, 2014).

Pero, como xa anunciamos con anterioridade, tamén a comunidade se ve beneficiada deste tipo de proxectos, na medida en que esta busca prestarlle un servizo a través da colaboración interinstitucional e a detección e solución de necesidades concretas (Rodríguez, 2014). Entre outros beneficios destácanse unha posta en valor das experiencias prácticas, unha mobilización e optimización dos recursos económicos e humanos da comunidade, unha maior integración dos membros desta e a reciprocidade das distintas entidades comunitarias (Santos Rego et al., 2023).

Co dito ata aquí, e dadas as posibilidades que abre para conectar o sistema educativo coas comunidades, desta metodoloxía derívase un amplo abanico de posibilidades para a promoción da cooperación tanto local como internacional. E, do mesmo xeito, configúrase como unha ferramenta para canalizar o desenvolvemento sostible partindo das situacións nacionais concretas e dos marcos de referencia da Axenda 2030 e dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS) (Sotelino et al., 2023).

Consecuentemente, a aprendizaxe-servizo móstrase como unha ferramenta eficaz para a consecución dos ODS. Dende as súas formulacións teóricas relaciónase co ODS 4, Educación de Calidade, e ODS 17, Alianzas para lograr os Obxectivos (García et al., 2019). Non sendo os únicos, pois incide tamén no ODS 8, Crecemento Económico e Traballo Decente; ODS 10, Redución das Desigualdades; e ODS 11, Cidades e Comunidades Sostibles.

Agora ben, reparando en cada obxectivo de maneira individual, con respecto ao cuarto (ONU, 2015b) é destacable a relación desta metodoloxía coas metas 4.3 e 4.4, de promoción da formación superior e das competencias profesionais respectivamente. Non en balde, a implementación da ApS na educación universitaria serve á construción de perfís profesionais mediante o labor prestado a institucións concretas. Do mesmo xeito é importante a meta 4.7, a cal fai énfase na adquisición e desenvolvemento de habilidades prácticas, no *learning by doing*, en clave de desenvolvemento sostible.

O oitavo obxectivo (ONU, 2015c), enfocado na economía e o emprego, na súa meta 8.6, de promoción da formación superior da mocidade e a súa empregabilidade, pódese servir da ApS para a definición do perfil profesional e a posterior inserción laboral, dada a súa contribución ao coñecemento de diferentes ámbitos de traballo.

Pola súa banda, o desenvolvemento comunitario é dos principais temas do obxectivo 11 (ONU, 2015d), onde a aprendizaxe-servizo é de utilidade nas metas 11.4 e 11.b. Na primeira destas, a preservación de patrimonio cultural e natural, pódense desenvolver proxectos directamente orientados a dita cuestión. E, na segunda, a promoción das políticas de inclusión, pódese tomar como unha necesidade sobre a que deseñar un proxecto de ApS. Así, pódese poñer en valor o patrimonio local e resignificalo na intervención educativa para os e as participantes ou mobilizando nela a distintos axentes e estratos sociais identificando necesidades comúns (Juanola e Fàbregas, 2011).

Por último, o obxectivo 17 (ONU, 2015e), presenta catro metas afíns coa aprendizaxe-servizo. As metas 17.1 de mobilización e optimización internacional de recursos e 17.6 de cooperación e difusión rexional e internacional en materia científica son realizables mediante a

aplicación de proxectos de ApS que involucren a coordinación de institucións de varios países. Pola súa parte, a meta 17.16 céntrase no desenvolvemento sostible dos Estados mediante a alianza internacional e a 17.17, de ámbito local, no desenvolvemento comunitario a partir da cooperación de organizacións públicas, privadas e comunitarias. Sendo estas cuestións familiares á aprendizaxe-servizo, en tanto que busca a coordinación de distintas institucións, locais ou internacionais, en pos de distintos obxectivos de desenvolvemento.

Ademais cómpre ter en conta o obxectivo 10 (ONU, 2015f), na súa meta 10.3 centrada na promoción da igualdade de oportunidades, toda vez que a ApS pode ser unha ferramenta de valor no achegamento a todas as persoas involucradas, por igual e sen discriminación, co propósito de formarse e lograr un obxectivo común.

Do exposto nestes dous últimos obxectivos evidénciase que esta metodoloxía require da cooperación de todos os axentes implicados, establecendo alianzas e sinerxías necesarias e imprescindibles para conseguir os obxectivos propostos. Unha cooperación cuxa localización pode ser local e rexional, ou internacional e global, se é baixo o auspicio de organismos internacionais ou coordina institucións de varios países (Aznar e Belmonte, 2015).

A cooperación local é fundamental para a ApS, pois parte de necesidades comunitarias detectadas que, unha vez postas en relación cos obxectivos curriculares, serven para que as institucións académicas, caso de universidades e facultades, poidan desenvolver un proxecto que responda tanto ás necesidades sociais como aos obxectivos educativos (Lotti e Betti, 2019). Coordinando no proceso tanto ás organizacións académicas como ás institucións públicas ou privadas dentro dun mesmo contexto. Con todo, é innegable que as accións locais aspiran tamén a ter un impacto positivo en contextos máis amplos (Monzó et al., 2018).

Pola súa banda, a cooperación internacional na ApS posúe as súas propias características e formas de organización concretas. Por exemplo, a ApS internacional, onde un país presta servizo a un segundo enviando persoas traballadoras en formación e diseña programas adaptados a dita contorna (Crabtree, 2008; Grusky, 2000). Ou a cooperación para o desenvolvemento a través desta metodoloxía, onde as institucións dun país forman ás doutro para que este poida desenvolver autonomamente as súas propias intervencións de aprendizaxe-servizo (Larrú-Ramos, 2023).

Neste caso, as entidades académicas e comunitarias de ambas nacións requiren dunha intercomunicación constante a través do establecemento dunha rede de contactos e dun fluxo de información (Santos Rego et al., 2020). Para isto, é preciso identificar as necesidades sobre as que se vai traballar, os recursos dispoñibles, o nivel formativo e o armazón institucional de

ámbolos países, a fin de acoutar as características do programa, evadir dificultades e facilitar a planificación (Crabtree, 2013).

Neste marco, e considerando o V Plan Director de Cooperación Galega (Xunta de Galicia, 2023), cómpre mencionar que a aprendizaxe-servizo, a través do financiamento do presente proxecto centrado na formación do profesorado para a progresiva integración e posterior institucionalización desta metodoloxía na Academia, pode ser de utilidade na consecución de óptimos resultados nos diferentes ámbitos estratéxicos formulados. O argumento principal, valedor da significación desta metodoloxía e mesmo do seu impacto na comunidade local, é a identificación e abordaxe de necesidades sociais de forma contextualizada, con actividades que teñen como principios fundamentais a promoción da participación cidadá e a transferencia do coñecemento dende a universidade ás contornas sociais.

Con máis detalle, e seguindo o primeiro ámbito estratéxico do Plan Director vixente nesta materia (Xunta de Galicia, 2023), esta metodoloxía incide directamente en dúas liñas de actuación: por unha banda, na mellora da calidade educativa mediante a formación e capacitación persoal, así como a través do desenvolvemento dos currículos formativos e da xeración e transferencia de coñecemento a nivel local; e, por outra, na promoción do desenvolvemento de modelos de convivencia e de novas actividades culturais ao aplicar proxectos innovadores na comunidade local.

Por último, convén detallar o vínculo da ApS coa atención do sétimo ámbito estratéxico “Construción dunha cidadanía global”, no apoio tanto á cooperación, xeración de sinerxías entre institucións, comunidades e poboacións, como ao estímulo da participación cidadá mediante a implicación de axentes claves no artellamento de solucións a necesidades sociais previamente identificadas.

En xeral, o dito con anterioridade vén a confirmar que a ApS é unha ferramenta educativa de elevado interese na atención contextualizada ás necesidades da contorna, permitindo así encamiñar actuacións orientadas á innovación e transformación social, cunha transferencia de coñecemento dende a Academia e apostando por solucións innovadoras cunha participación directa do estudantado. Todo isto, invariablemente, dende unha perspectiva sostible no marco dos desafíos vixentes no logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Así pois, de seguido, detallarase cal é o estado da cuestión no contexto caboverdiano, e mesmo os retos do porvir no marco dos dous referentes marco de atención neste informe, a Axenda 2030 e o V Plan Director da cooperación galega.

## *1.2 Necesidades sociais de Cabo Verde. Axuste aos desafíos da Axenda 2030 e do V Plan Director de Cooperación Galega*

Para iniciarmos, é preciso proceder cunha contextualización da situación da República de Cabo Verde. Para iso farase uso, fundamentalmente, das testemuñas dispoñibles dos representantes institucionais recollidas no último Informe Nacional Voluntario ao redor da implementación da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible neste país (Goberno de Cabo Verde, 2021). Confiamos en que a análise do estado da cuestión permitirá identificar potenciais necesidades sociais diante das que actuar no marco de proxectos de aprendizaxe-servizo<sup>1</sup>, que parten das sinerxías inescusables entre universidade e comunidade cunha prístina orientación cara á transformación e innovación social.

Cabo Verde é un país da costa occidental africana conformado por dez (10) illas de orixe volcánico. Trátase das illas de Barlovento, conformadas por Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia (non habitada), São Nicolau, Sal e Boavista, así como das de Sotavento, que inclúen Maio, Santiago, Fogo e Brava. Vale a pena subliñar que, dende a súa conformación en 1975 como Estado independente, desenvolveu importantes progresos, chegando ao seu recoñecemento en 2007 como “país de renda media”. É un Estado unitario cunha democracia semipresidencialista onde o poder legislativo o ostenta a Asemblea Nacional, e o poder executivo o dirixe o Primeiro Ministro xunto ao Presidente da República, quen posúe competencias limitadas (Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación de España, 2022).

En xeral, no territorio evidéncianse fondas desigualdades que remiten a necesidades sociais dunha atención de imprescindible urxencia, que foron agravadas pola crise mundial da COVID-19. Como necesidade fundamental, cómpre ter en conta a porcentaxe de poboación en situación de pobreza (13.1%), que vive con menos de 2 dólares por día (1.90\$). Asemade, dita circunstancia agrávase reparando en varios factores: a condición de muller; a situación de desemprego; habitar unha zona rural; ou ser mozo ou moza, xa que aproximadamente o 77.9% das persoas en situación de pobreza contan con menos de 35 anos (Goberno de Cabo Verde, 2021). Con base noutros datos estatísticos, é destacable unha renda per cápita (2022) de 2.685,8 euros, un índice de desenvolvemento humano medio (2019) de 0.665, e un índice de Gini (2015) de 0.42 (Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación de España, 2022).

---

<sup>1</sup> O proxecto de cooperación galega “Aprendizaxe-servizo e Cooperación para o Desenvolvemento. Formando para a cidadanía global” (COOPAPS) (Ref. PR815A 2023/5), no que se sustenta o presente informe, conta con tres fases diferenciadas. Na primeira preténdese caracterizar o estado da cuestión sobre as necesidades sociais da contorna caboverdiana, así como proceder coa formación do profesorado, impartida polo equipo investigador, na Uni-CV sobre a metodoloxía de ApS. Pola súa parte, a segunda céntrase no deseño e implementación de proxectos de ApS polos e polas docentes da universidade pública participante que dean resposta ás necesidades sociais identificadas e contextualizadas a dito contexto.

Analogamente, a sustentabilidade medioambiental resulta unha das grandes dificultades que debe afrontar o arquipélago por mor das necesidades sociais manifestadas na alimentación e na agricultura. Mentres a maior parte da poboación en situación de pobreza das zonas rurais dedícase á agricultura de subsistencia mediante explotacións familiares, soamente o 9% da terra das illas está orientada á agricultura.

Ao anterior, cómpre engadir que Cabo Verde non só posúe pouca terra cultivable, senón que goza de escasos recursos acuíferos que empregar nos cultivos, polo que se ven reducidos ao minifundismo, o que se engade á discontinuidade territorial e aos problemas orográficos e xeográficos propios dos arquipélagos volcánicos (Goberno de Cabo Verde, 2021). Son estas características as que, ademais, volven a Cabo Verde un país proclive a crises medioambientais ou á perda de biodiversidade en situacións de cambio climático (Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación de España, 2022).

Este delicado contexto entraña problemas derivados, como que o 96% do gran consumido en Cabo Verde sexa importado e que supoña o 30% do total das importacións das illas. Outras implicacións reflíctense en que, aproximadamente, o 18.5% da poboación sufrira de desnutrición en 2019, o 33.8% dos fogares non teña á súa disposición suficiente comida segura e nutritiva, ou que o 42% dos nenos e das nenas menores de 5 anos padezan anemia (Goberno de Cabo Verde, 2021).

En xeral, esta situación pon de manifesto a fragilidade medioambiental dos Estados insulares fronte ao cambio climático e as súas consecuencias adversas na alimentación da poboación. Neste senso, xurde a necesidade de modernización da agricultura -evitando modelos de subsistencia limitados- e dos demais sectores da economía caboverdiana a fin de mellorar as condicións de vida da poboación.

En materia de igualdade de xénero, Cabo Verde posúe un panorama propicio na consecución do ODS 5. Neste eido, o Parlamento do país aprobou en 2019, co apoio no seu desenvolvemento de Nacións Unidas e da Axencia Española de Cooperación (AECID), o marco normativo que garante unha efectiva igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres (véxase a lei nº 68/IX/2019). Así mesmo, considerando datos estatísticos complementarios, convén sinalar que as mulleres ocupan o 48% dos postos administrativos, fronte á media mundial do 27%. Tamén acceden máis aos servizos sanitarios que os homes, gozan dunha esperanza de vida maior (80.7 das mulleres e 73.4 dos homes) e de niveis superiores de escolarización (media de 8.7 anos para as mulleres e 7.7 para os seus iguais).

Asemade, no ámbito educativo é preciso mencionar que, malia que nos primeiros niveis se recolla unha maior escolarización masculina, as mulleres supoñen a maioría das matrículas da educación secundaria e superior (Goberno de Cabo Verde, 2021). Do mesmo xeito, Cabo Verde conta cunha taxa de alfabetización de persoas adultas (maiores de 15 anos) do 88.5%, aínda que analizando este dato segundo a variable xénero, apréciase unha diferenza de case dez puntos porcentuais -93.1% homes e 83.4% mulleres- (Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación de España, 2022).

Unha vez contextualizada brevemente a situación e co propósito de perfilar as necesidades sociais na xeografía caboverdiana, como xa se anunciou con anterioridade, tómase como punto de partida a Axenda 2030 da Organización das Nacións Unidas e os seus dezasete (17) Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) (ONU, 2015a), e no noso contexto máis inmediato, o V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026) da Xunta de Galicia (2023).

Comezando polos obxectivos establecidos na Axenda 2030 (ONU, 2015a), ata o momento, o Estado está a facer énfase en tres deles: ODS 4 “Educación inclusiva, equitativa e de calidade”; ODS 16 “Sociedades xustas, pacíficas e inclusivas”; e ODS 17 “Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible”. Estes desafíos globais establecen metas operativas das que se derivan as necesidades sociais ás que dar unha resposta urxente.

Pola súa banda, a República de Cabo Verde adoptou na súa lexislación medidas administrativas cun enfoque baseado nos dereitos humanos, á vez que contraeu un firme compromiso coa consecución do conxunto dos ODS. Por exemplo, xunto con España e Ecuador, é un Estado promotor do Compromiso de Sevilla, tendo por finalidade o fortalecemento da implicación para ampliar, acelerar e localizar a implementación da Axenda 2030. Tamén cómpre subliñar diversos compromisos nacionais, caso do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Sostible 2017-2021 (PEDS), adoptado no Programa de Goberno da IX Lexislatura, ou a Axenda Estratéxica “Ambición 2030”. Ambos acordos institucionais establecen unha serie de prioridades para a aplicación da Axenda 2030 e a consecución dos ODS (Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación de España, 2022).

Dende un Exame Periódico Universal do Índice de Dereitos Humanos Universais (Goberno de Cabo Verde, 2021), o país recibiu múltiples recomendacións para o logro dos ODS, pero concentradas especialmente en tres obxectivos dos dezasete. Así, as recomendacións céntranse no ODS 16, “Paz, xustiza e institucións sólidas”, que acolleu o 31%; o ODS 6, “Igualdade de xénero”, que integra o 25%; e o ODS 8, “Desenvolvemento económico e traballo decente”,

cun 20%. Así pois, permanecen nun segundo plano o ODS 4, “Educación de calidade”, e o ODS 10, “Redución das desigualdades”, cun 8% e 6% das suxestións respectivamente.

Agora ben, prestando atención específica aos interrogantes dos que parte esta investigación, o Goberno da República (Goberno de Cabo Verde, 2021) procedeu coa elaboración dun informe no que se fai un balance dos logros, dificultades e necesidades no seu desempeño de cara á consecución dos desafíos da Axenda 2030.

Neste escenario, no ODS 4 focalízase a atención en necesidades como o acceso igualitario e sen discriminación á formación superior, técnica e profesional (ONU, 2015b). Consecuentemente, distínguese a esixencia dunha adquisición daquelas competencias técnicas que capaciten para o emprego e o emprendemento. Xunto á necesidade de competencias, dun carácter máis transversal, orientadas ao desenvolvemento sostible como: o coñecemento dos dereitos humanos, a igualdade de xénero, a cidadanía global ou o respecto á diversidade cultural, entre outras. Sendo igualmente imprescindible o aumento da oferta docente cualificada para a formación e profesionalización da cidadanía.

Nesta liña, non sorprende que no marco dunha educación en valores, o Estado poña énfase na construción da ensinanza, e mesmo (de)construción, para incidir na cidadanía en aspectos como a sustentabilidade, a interculturalidade, a igualdade ou a participación en procesos democráticos, isto é, nunha educación para exercer efectivamente os dereitos e deberes civís (Goberno de Cabo Verde, 2021).

Ao mesmo tempo, son notorios os avances realizados na universalización da educación primaria e secundaria, así como na expansión da formación superior. Non obstante, as evidencias apuntan á necesidade de seguir traballando na súa extensión, polo que urxe ampliar o acceso á educación primaria cunha promoción da súa gratuidade, da mellora das infraestruturas e da actualización do currículo e das metodoloxías de ensinanza, o que require do fortalecemento da lexislación educativa cunha atención ás necesidades educativas especiais. Ademais, na educación secundaria e superior, dende unha planificación estratéxica, é imprescindible facilitar o acceso da poboación e mellorar a súa orientación cara a unha máis técnica e profesionalizante.

Xa que logo, as testemuñas institucionais sinalan a necesidade de reducir as desigualdades existentes nos diferentes territorios de Cabo Verde a través da súa abordaxe dende plans de acción social orientados tanto a favorecer o acceso á educación dos colectivos máis vulnerables, como a acadar unha educación que impulse o compromiso cidadá cos dereitos humanos e coa sustentabilidade. Nestes termos, tamén é preciso combater as diferenzas por

razón de xénero no acceso á educación, especialmente na superior, ademais de fortalecer as competencias dixitais do estudiantado co fin de facilitar actuacións efectivas en contornas académicas e profesionais caracterizadas pola conexión a nivel global.

Atendendo xa aos desafíos no marco do obxectivo 16 (ONU, 2015g), nesta contorna preséntanse necesidades esenciais, caso da esixencia de garantir o acceso á xustiza, promover a participación cidadá na toma de decisións políticas, blindar a transparencia e o acceso público á información e, por último, fortalecer as institucións gobernamentais das nacións. Xustamente, neste eido, o goberno de Cabo Verde (2021) toma como unha das súas principais prioridades o desenvolvemento sostible e os piares nos que se sustenta, a saber, a paz, a xustiza, a estabilidade, os dereitos humanos e unha gobernanza efectiva.

No logro deste obxectivo considérase esencial asegurar o acceso á xustiza da cidadanía mediante a transparencia institucional, promovendo o coñecemento das institucións de xustiza e combatendo á corrupción. A transparencia, igualmente, dispónse como unha necesidade cardinal con actuacións senlleiras, caso da integración das accións dos poderes legislativo e executivo, xunto ás finanzas do Estado, e facelas accesibles á poboación ou mesmo presentar as estatísticas nacionais de interese. Nesta liña, mantense como prioridade o reforzo das institucións políticas do país, afondando nos gobernos locais e rexionais, xunto á promoción dunha cidadanía activa e comprometida na toma de decisións políticas, no exercicio de dereitos e deberes fundamentais. Por último, destácase a necesidade da redución da criminalidade cunha loita clara contra a violencia física e intrafamiliar, a taxa de homicidios, o abuso sexual a menores, a tenencia ilegal de armas e o branqueamento de diñeiro.

No tocante ao obxectivo 17 (ONU, 2015e), ponse énfase en necesidades vencelladas coa mobilización e optimización dos recursos internos das nacións, a cooperación internacional para o desenvolvemento sostible ou a construción de alianzas entre as institucións públicas, privadas e da sociedade civil.

Ao redor deste obxectivo detéctanse necesidades en dous ámbitos: o internacional e o nacional (Goberno de Cabo Verde, 2021). Por unha banda, a nivel internacional, existe unha pretensión de seguir profundando nas alianzas entre distintos Estados. Exemplo desta cuestión son os 74 pactos de cooperación en ciencia e tecnoloxía que ten subscritos ata o momento o país. Ademais, no referente ás cuestións económicas, constátase a necesidade dun maior investimento estranxeiro directo, a condonación de débeda externa e a redución do déficit, e demais accións que faciliten a inserción desta nación no sistema económico mundial.

Pola súa banda, as necesidades nacionais posúen un carácter social máis marcado, polo que o investimento debe servir á mellora do nivel de vida da cidadanía mediante a diversificación da economía e a promoción da empregabilidade e a mobilidade social nun marco de desenvolvemento económico e institucional. Asemade, constátase o requisito dunha mellora nas telecomunicacións e promover avances no acceso a internet.

Nesta orde de ideas, no marco nacional, cómpre ter presente a planificación afín á implementación da Axenda 2030 e o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Sostible 2017-2021 (PEDS), marco de referencia para deseñar, desenvolver, supervisar e avaliar iniciativas sociais que coordinen e fomenten a cooperación entre o sector privado, as organizacións da sociedade civil e as institucións sociais e de goberno.

No marco da investigación convén atender ás necesidades deste contexto no seu vínculo coas prioridades transversais e Ámbitos Estratéxicos (AE) definidos no V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026) (Xunta de Galicia, 2023). Comezando polos ámbitos estratéxicos de referencia, o presente proxecto de cooperación galega céntrase fundamentalmente en dous (2): AE1 “Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos” e AE7 “Construción dunha cidadanía global comprometida”.

No primeiro destes ámbitos, os documentos institucionais consultados na análise do estado da cuestión da contorna caboverdiana (Goberno de Cabo Verde, 2021) delimitan necesidades de natureza educativa como as relativas á mellora da calidade da capacitación profesional, á adaptación e desenvolvemento dos currículos formativos, á mellora dos mecanismos de avaliación, ou á xeración e transferencia de coñecemento. Xunto a outras necesidades de carácter máis social, que responden á promoción do desenvolvemento sostible e da cidadanía global, á construción de novos modelos de convivencia, ou á diversificación de actividades culturais en ámbitos como a igualdade de xénero ou a cultura da paz. Doutra parte, no sétimo AE, exprésase a esixencia de seguir traballando por unha cidadanía comprometida cunha firme participación cidadá na definición e construción das institucións políticas.

Como se anunciou, no Plan Director establécense unha serie de prioridades transversais ás que dar resposta, sendo afíns ás necesidades mencionadas deste contexto: a erradicación da pobreza, a igualdade de xénero, a sustentabilidade ambiental, o enfoque en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural, a loita contra as desigualdades e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

En síntese, é apreciable a afinidade existente entre as necesidades que se derivan dos ODS e do Plan Director coas necesidades detectadas polo goberno de Cabo Verde para acadar

un desenvolvemento sostible. Así pois, entre as necesidades educativas destácase a expansión da educación primaria e secundaria, a profesionalización docente e a construción dunha educación para a cidadanía activa fundamentada nos valores inherentes aos dereitos humanos. E, dentro das necesidades de corte máis social, apréciase a sustentabilidade ambiental, a igualdade de xénero, a interculturalidade, a participación cidadá e o fortalecemento institucional.

Como conclusión, segundo o que se evidencia do exposto e seguindo a FORUS (2022) como plataforma na que participa este país, Cabo Verde aínda ten un gran camiño por percorrer. Neste camiño, están presentes os esforzos de diferentes entidades sociais e da administración pública co gallo de solucionar as necesidades sociais detectadas. Un exemplo desta preocupación que emerxe da sociedade civil caboverdiana é a creación de Radio Praça, unha emisora de radio comunitaria que fai fincapé nas necesidades locais da cidadanía permitindo a súa difusión e toma de conciencia, á vez que promove a dixitalización das comunicacións nas illas (FORUS, 2022). Urxe entón seguir afondando e fortalecendo as relacións entre as comunidades locais, as organizacións da sociedade civil e as institucións políticas nacionais e internacionais na construción dunha cidadanía comprometida cos problemas sociais e na construción de novas formas de gobernanza (FORUS, 2023).

Neste senso, a metodoloxía de aprendizaxe-servizo supón unha oportunidade para, a través da implicación do profesorado universitario como axentes de transferencia do coñecemento á sociedade, deseñar e implementar accións dirixidas á detección e satisfacción de necesidades sociais de forma contextualizada e axustada aos valores deste contexto. Trátase de experiencias socioeducativas nas que todas as partes involucradas, á vez que adquiren un compromiso coa comunidade, poden ver resolto os seus obxectivos particulares e contextualizar o seu quefacer de xeito que resulte nun empoderamento do conxunto dos axentes da contorna.

## Obxectivo e preguntas de investigación

Esta investigación, situada na primeira fase do proxecto de cooperación galega, pretende identificar as necesidades sociais da contorna comunitaria de Cabo Verde dende a visión do profesorado como grupo experto e mediador na transferencia do coñecemento entre universidade e comunidade.

Para isto, ademais da análise das necesidades sociais de maior urxencia e a súa abordaxe na docencia, é preciso afondar en aspectos clave vencellados ao liderado dos e das docentes universitarios/as como axentes sociais clave na contorna caboverdiana. É o caso da súa implicación na comunidade, a óptica do compromiso social institucional, o estilo docente, e a súa formación previa na metodoloxía de ApS como eixo central do proxecto.

Trátase de examinar o perfil dos e das docentes e da súa visión institucional ao redor do compromiso comunitario, ao tempo que identificar necesidades sociais co propósito de desenvolver, de forma contextualizada, a segunda fase do proxecto. Xustamente, esta etapa intermedia céntrase no deseño, implementación e avaliación de experiencias de ApS en materia de cooperación e educación para o desenvolvemento enmarcadas nas distintas necesidades sociais deste contexto.

No seu conxunto, o anterior, ten como obxectivo analizar as necesidades sociais da realidade caboverdiana, conformando unha panorámica singular das posibilidades de traballo conxunto entre universidade e comunidade, mediante a implementación de proxectos de ApS, a través da implicación directa de distintos axentes sociais (responsables institucionais, profesorado, alumnado, profesionais de entidades sociais, colectivos e persoas interesadas...). Ademais, a análise do perfil dos e das docentes permitirá diferenciar potenciais liñas de traballo, no marco da cooperación e educación para o desenvolvemento, sobre as que enfocar a súa formación nesta contorna entendendo a mesma como un elemento de transformación social.

Así pois, o *obxectivo xeral da investigación* é identificar as necesidades sociais da contorna de Cabo Verde e o seu vínculo cos desafíos da Axenda 2030 e o V Plan Director da Cooperación Galega. Asemade, o presente informe pretende analizar o perfil do profesorado universitario da contorna de Cabo Verde a través de aspectos como a súa implicación comunitaria, estilo docente e formación sobre a metodoloxía de ApS, ademais de examinar a súa óptica institucional ao redor do compromiso comunitario.

En concreto, o estudo está dirixido a dar resposta ás seguintes Preguntas de Investigación (PI):

- PI1.** Como é a implicación na comunidade dos e das docentes da Uni-CV?
- PI2.** Que formación sobre a metodoloxía de ApS ten o profesorado participante?
- PI3.** Como é o estilo docente do profesorado universitario de Cabo Verde?
- PI4.** Que óptica ten o profesorado participante do compromiso social institucional?
- PI5.** Cales ODS da Axenda 2030 atende na súa práctica docente o profesorado da Uni-CV?
- PI6.** Que necesidades sociais da contorna de Cabo Verde, en liña coas prioridades transversais da cooperación galega, son consideradas dunha atención de maior urxencia polo profesorado universitario?

## **Metodoloxía**

A investigación parte dun estudo exploratorio descritivo na que os datos se teñen extraído do cuestionario titulado “Cuestionario para a Detección de Necesidades Sociais e a Formación Docente na Educación Superior en Cabo Verde”. O instrumento está dirixido aos e ás docentes de diferentes áreas de coñecemento da Universidade de Cabo Verde (Uni-CV), pensando en dispoñer dunha representación suficiente da visión do profesorado como expertos/as e mediadores/as na transferencia do coñecemento entre universidade e comunidade.

A finalidade última do instrumento é dobre: por un lado, identificar as necesidades sociais de Cabo Verde de acordo co V Plan Director de Cooperación Galega e a abordaxe na docencia dos desafíos da Axenda 2030; e, por outro, analizar o perfil do profesorado universitario deste contexto, atendendo a súa implicación na comunidade, a súa perspectiva do compromiso social institucional, o estilo docente e a formación previa sobre a metodoloxía de ApS.


### **3.1 Participantes**

Co fin de analizar o perfil do profesorado universitario participante e mesmo identificar as necesidades sociais dende a súa óptica como expertos/as e responsables na contorna da transferencia do coñecemento entre universidade e comunidade, optouse por unha mostraxe non probabilística por conveniencia. Para isto, seleccionouse a Universidade de Cabo Verde (Uni-CV), como a principal institución de educación superior pública deste contexto, sobre a que se dirixen as accións do proxecto de cooperación galega para o desenvolvemento.

Os e as participantes na investigación son docentes da Uni-CV pertencentes a distintas áreas de coñecemento. En concreto, a mostra produtora de datos está formada por N = 37 profesores (56,8%; n = 21) e profesoras (43,2%; n = 16) universitarios/as<sup>2</sup>. De maneira detallada, os datos segundo xénero evidéncianse na Figura 1.

**Figura 1**

*Xénero do profesorado participante na investigación (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

Pola súa parte, os e as docentes sitúanse nun rango de idade entre os 26 e os 58 anos (M = 47.08; DT = 7.96). Á súa vez, a mostra está conformada por participantes cunha notable experiencia docente, xa que gran parte da mostra (75.7%) conta con máis de 10 anos de exercicio profesional (ver Táboa 1).

**Táboa 1**

*Experiencia docente dos e das participantes na investigación*

Anos de experiencia	n	%
<5 anos	3	8.1
5-10 anos	6	16.2
11-15 anos	15	40.5
16-25 anos	7	19.0
>25 anos	6	16.2
<b>Total</b>	<b>37</b>	<b>100</b>

*Nota.* Elaboración propia.

<sup>2</sup> A poboación á que se dirixe a investigación é dun total de 280 profesores e profesoras da Universidade de Cabo Verde (Uni-CV) que engloban 35 títulos de licenciatura, 5 especializacións, 12 mestrados e 3 programas de doutoramento.

Atendendo á adscripción dos e das docentes participantes ás diferentes ramas de coñecemento (Figura 2), a maioría circunscríbense ás Artes e Humanidades (51.45%; n = 19) ou ás Ciencias Sociais e Xurídicas (16.2%; n = 6). En menor medida, o profesorado participante na investigación pertence ás ramas de Ciencias Experimentais (13.5%; n = 5), Ensinanzas Técnicas (10.8%; n = 4) e Ciencias da Saúde (8.1%; n = 3).

**Figura 2**

*Rama de coñecemento do profesorado participante na investigación (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

### 3.2 Instrumento

Considerando as características do estudo, a información foi recollida a través dun cuestionario dirixido ao profesorado da Universidade de Cabo Verde. Dito instrumento titulado “Cuestionario para a Detección de Necesidades Sociais e a Formación Docente na Educación Superior en Cabo Verde” (ver Anexo I) ten como obxectivo indagar tanto nas necesidades sociais desta contorna como no perfil docente de acordo coas variables sinaladas, caso da implicación comunitaria, óptica do compromiso social institucional, estilo docente ou formación en ApS.

O cuestionario foi deseñado tomando como referencia investigacións previas centradas na metodoloxía de aprendizaxe-servizo lideradas polo equipo investigador solicitante, o Grupo de Investigación Escolca da Universidade de Santiago de Compostela. En concreto, para a súa elaboración consideráronse dous instrumentos desenvolvidos no marco de proxectos de investigación de natureza competitiva financiados polo Plan Estatal de I+D+i: o primeiro, “Aprendizaje-Servicio e innovación en la Universidad. Un programa para la mejora del rendimiento académico y el capital social de los estudiantes” (EDU2013-41687R); e, o segundo,

“Aprendizaje-Servicio y empleabilidad de los/as estudiantes universitarios/as en España: competencias para la inserción laboral” (EDU2017-82629-R).

Asemade, e tendo en conta o obxectivo e preguntas da investigación, no proceso de deseño do cuestionario procedeuse coa elaboración de dúas (2) escalas: 1) “ODS e práctica docente”, dirixida a estudar o grao no que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 son abordados na docencia da Uni-CV; e 2) “Necesidades sociais urxentes de Cabo Verde”, centrada na identificación das tres (3) necesidades sociais dunha atención de maior urxencia nesta contorna con base nas prioridades transversais do V Plan Director de cooperación galega.

Unha vez deseñado o instrumento e coa finalidade de verificar a súa fiabilidade, someteuse a unha validación externa por parte de dous (2) xuíces e xuízas expertos/as no tópic no ámbito académico. As suxestións aportadas permitiron avanzar na mellora de diversos aspectos formais (orde e configuración dos ítems) e a optimización do seu contido (eliminación e modificación de ítems, cambios na redacción das preguntas, entre outros). Do mesmo xeito, co propósito do cumprimento imprescindible da normativa institucional de protección de datos, o instrumento foi adaptado antes da súa aplicación coa inclusión dun consentimento informado (Anexo I).

O cuestionario aplicado componse dun total de trece (13) ítems con respostas de opción única, múltiple, aberta e de tipo Likert (de 5 puntos), cuxa estrutura se divide en tres bloques (1. Datos sociodemográficos, 2. Perfil do profesorado participante, e 3. Necesidades sociais de Cabo Verde) ( Táboa 2). En particular, o primeiro bloque correspóndese con cinco preguntas que atenden aos datos sociodemográficos dos e das participantes e que permitiron definir o perfil da mostra (ver apartado 3.1), respectivamente: Facultade ou Escola de adscrición, rama de coñecemento, idade, xénero e anos de experiencia docente.

Do mesmo xeito, o segundo bloque recolle cinco preguntas, neste caso vencelladas ao perfil dos e das docentes en variables de interese para o estudo. Así, as preguntas 6 e 7 céntranse na potencial implicación na comunidade (colaboración en entidades cívico-sociais) e o modo de participación (cota e/ou doazóns, participación, coordinación, cargo ou persoal remunerado). A pregunta 8 oríntase a analizar o coñecemento previo na metodoloxía de aprendizaxe-servizo a través da súa implicación en accións formativas ao redor do tópic, sendo o núcleo de intervención do proxecto. De seguido, a pregunta 9 céntrase no estilo docente do profesorado participante a través dunha escala tipo Likert, con valores que oscilan entre 1 (nunca) e 5 (sempre). A última pregunta do bloque, correspóndese coa percepción do profesorado sobre o

compromiso social da Uni-CV, novamente cunha escala tipo Likert, onde 1 correspóndese con “Total desacordo” e 5 “Total de acordo”.

Finalmente, o terceiro bloque do cuestionario conta con dous ítems centrados na análise das necesidades sociais de Cabo Verde e o seu vínculo cos ODS da Axenda 2030 e as prioridades transversais do V Plan Director de Cooperación Galega. Precisamente, a pregunta 11, mediante unha escala tipo Likert de cinco gradacións onde 1 significa “nada” e 5 “moito”, recolle información sobre o grao no que os ODS son abordados na práctica docente do profesorado participante da Uni-CV; mentres que o ítem 12, a través dunha pregunta de resposta múltiple, oriéntase a analizar as tres (3) necesidades sociais que, no marco das prioridades transversais da cooperación galega, o profesorado considera dunha atención de maior urxencia. Por último, o treceavo ítem oriéntase a que os e as participantes poidan realizar posibles aclaracións ou observacións sobre o instrumento.

## Táboa 2

*Tipos de resposta en función dos ítems do cuestionario*

Ítems do cuestionario	Tipo de resposta
<i>Bloque I. Datos sociodemográficos</i>	
1. Facultade o Escola	Aberta
2. Área de coñecemento	Única
3. Idade	Aberta
4. Xénero	Única
5. Anos de experiencia docente	Aberta
<i>Bloque II. Perfil do profesorado participante</i>	
6. Implicación comunitaria	Única
7. Modo de participación comunitaria	Múltiple
8. Formación en aprendizaxe-servizo (ApS)	Múltiple
9. Estilo docente	Escala Likert
10. Visión do compromiso social da universidade	Escala Likert
<i>Bloque III. Necesidades sociais de Cabo Verde</i>	
11. ODS e práctica docente	Escala Likert
12. Necesidades sociais urxentes de Cabo Verde	Múltiple

*Nota.* Elaboración propia.

### 3.3 Procedemento de recollida e codificación e análise de datos

Unha vez deseñado o instrumento, empregouse a ferramenta *Microsoft Forms*, como aplicación institucional da USC que garante os niveis de encriptación necesarios para a recollida de datos. De xeito previo á súa aplicación, foi precisa a aprobación da investigación por parte do Comité

de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela (data de aprobación: 24 de novembro de 2023).

Segundo cos requisitos oportunos para o visto bo polo Comité, a aplicación do instrumento axustouse integramente ao *Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos*, así como á *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*. A enquisa conta cun apartado específico inicial de consentimento informado (Anexo I) e os datos recollidos foron anonimizados e limitados para un uso exclusivamente confidencial e só con fins investigativos. A información recollida atópase custodiada polo equipo de investigación ao cargo do estudo.

Especificamente, o cuestionario foi aplicado de forma online en idioma portugués (ver Anexo II), durante os meses de decembro de 2023 e xaneiro de 2024 ao profesorado de diferentes áreas de coñecemento da Uni-CV que estiveran en activo durante o curso académico 2023-24. Para isto, foi necesaria a colaboración de representantes institucionais que participan no proxecto de cooperación á hora de asegurar a difusión do cuestionario na contorna académica e lograr o máximo número de respostas. Posteriormente da súa aplicación, e tras enviar dous recordatorios ao profesorado, o cuestionario pechouse ao remate de xaneiro de 2024. A mostra produtora de datos quedou constituída por 37 suxeitos.

Unha vez recollidos os datos, procedeuse coa súa codificación e análise estatístico co programa IBM-SPSS na súa versión 27. En concreto, co paquete IBM-SPSS describíronse e etiquetáronse as variables e os seus valores correspondentes. En canto ás análises, tendo en conta as características dunha investigación de natureza descritiva, amósanse as porcentaxes nas preguntas de resposta única ou múltiple e, no caso das escalas, as medias e desviacións típicas segundo as variables avaliadas na investigación, xa detalladas con anterioridade e que se presentan detalladamente na sección de resultados (ver apartado 4).

## Resultados e discusión

A continuación, expónse a análise dos datos obtidos ao redor do obxectivo xeral da investigación e, especificamente, segundo os interrogantes formulados (ver apartado 2). Expostos os resultados, detállase unha breve discusión centrada na comparación dos achados coa realidade e panorámica da xeografía caboverdiana, exposta de xeito precedente no segundo apartado deste informe.


O que se pretende é estudar a realidade académica de Cabo Verde, á par que identificar potenciais necesidades sociais dende a óptica de axentes claves, caso do profesorado universitario na súa imprescindible misión de responsabilidade social e transferencia do coñecemento á comunidade local.

### 4.1 Implicación na comunidade do profesorado universitario de Cabo Verde

En relación coa primeira pregunta de investigación (PI1), procédese coa análise da implicación do profesorado da Uni-CV, no marco temporal dos últimos cinco (5) anos (2019-2023), nalguna asociación, entidade sen ánimo de lucro, fundación ou entidade de carácter cívico-social. En termos xerais, o que se confirma é unha colaboración moi incipiente dos e das docentes na contorna caboverdiana (27%; n = 10) (Figura 3).

**Figura 3**

*Colaboración dos e das participantes en entidades cívico-sociais (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

Neste senso, é preciso examinar o perfil do profesorado da Uni-CV que recoñece a súa implicación coa comunidade como axentes de transferencia de coñecemento e de responsabilidade social, tomando como referencia variables determinantes, caso do xénero, a

experiencia docente ou a rama de coñecemento a que se adscribe a súa docencia (véxase Táboa 3).

**Táboa 3**

*Participación dos e das participantes en entidades cívico-sociais segundo o seu perfil*


Variable	Subgrupos	Si (n = 10)		Non (n = 27)		Total (n = 37)	
		n	%	n	%	n	%
Xénero	Home	6	16.2	15	40.5	21	56.7
	Muller	4	10.8	12	32.5	16	43.3
Anos de experiencia docente	<5 anos	0	0	3	8.1	3	8.1
	5-10 anos	0	0	6	16.2	6	16.2
	11-15 anos	5	13.5	10	27.1	15	40.6
	16-25 anos	3	8.1	4	10.8	7	19.9
	>25 anos	2	5.4	4	10.8	6	16.2
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades	6	16.2	13	35.2	29	51.4
	Ciencias da Saúde	0	0	3	8.1	3	8.1
	Ciencias Experimentais	1	2.7	4	10.8	5	13.5
	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	8.1	3	8.1	6	16.2
	Ensinanzas Técnicas	0	0	4	10.8	4	10.8

*Nota.* Elaboración propia.

O anterior permite distinguir un perfil de docente con implicación comunitaria dunha certa experiencia (> 10 anos) e vencellado a áreas de coñecemento que requiren dun contacto directo coa comunidade, caso das Artes e Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas. Igualmente, é manifesta a baixa implicación do profesorado novel, así como do adscrito ás ramas de Ciencias da Saúde, Experimentais e Ensinanzas Técnicas. Se ben á hora de realizar unha radiografía do perfil docente con compromiso comunitario (27%; n = 10), é preciso tamén detallar o tipo de colaboración (Figura 4).

**Figura 4**

*Tipo de colaboración dos e das participantes en institucións cívico-sociais (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

En xeral, atendendo aos resultados, obsérvase unha implicación na comunidade de carácter máis indirecto, xa que a maioría dos e das docentes, ou ben participan nas actividades programadas polas entidades cívico-sociais (40.8%), ou ben realizan contribucións puntuais ou doazóns a determinadas causas sociais (25.9%). Con todo, cómpre ter en conta que ao redor dun terzo do profesorado (33.3%) ten asumido unha participación máis activa mediante a coordinación de proxectos ou o desempeño de cargos administrativos, e incluso como persoal remunerado de entidades cívico-sociais.


#### *4.2 Formación na metodoloxía de ApS do profesorado universitario de Cabo Verde*

Unha vez comprobado o perfil de implicación dos e das profesionais da educación superior na comunidade de referencia, é necesario afondar nos seus coñecementos sobre a metodoloxía de aprendizaxe-servizo, que artella as accións do presente proxecto.

Neste caso, as evidencias apuntan de forma rotunda á falta de coñecementos sobre esta estratexia pedagóxica, que son esenciais para a súa inclusión na docencia universitaria (73%; n = 27) (Figura 5).

**Figura 5**

*Formación previa dos e das participantes na metodoloxía de ApS (%)*




*Nota.* Elaboración propia.

Considerando ao grupo de docentes con coñecementos na metodoloxía de ApS (27%; n = 10), obsérvase que o indicador principal na súa adquisición é a asistencia a accións de formación (cursos, seminarios e xornadas) organizadas de forma interna, isto é, promovidas polo programa de formación da universidade (41.2%) (Figura 6). Unha posible variable na explicación destes resultados é o momento do pase do instrumento, que se efectuou de xeito posterior ao curso formativo sobre esta metodoloxía por parte do equipo de investigación do proxecto.

**Figura 6**

*Tipo de formación previa dos e das participantes en ApS (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

Alén das accións implementadas, o que se concibe é un notorio interese pola formación nesta estratexia pedagóxica, toda vez que unha parte significativa da mostra ten desenvolvido coñecementos en ApS grazas á súa participación en cursos externos ao contexto universitario e congresos, e mesmo dende a autoaprendizaxe (58.8%).

#### 4.3 Estilo docente do profesorado universitario de Cabo Verde

Unha das cuestións de interese para a investigación é analizar o estilo docente dos e das participantes a fin de constatar as súas accións como axentes responsables da transferencia do coñecemento dende a Academia á comunidade (véxase Táboa 4).

**Táboa 4**

*Estatísticos descritivos da Escala de estilo docente do profesorado universitario*

Ítems	M	DT
1. Presento casos prácticos para a súa análise como apoio da aprendizaxe do alumnado.	3.81	1.10
2. Acostumo invitar a profesionais externos á universidade para expoñer o seu traballo.	<b>3.08</b>	<b>1.26</b>
3. Fago avaliación continua (por ex., ensaios, informes, portafolios, etc.).	3.97	1.09
4. O alumnado participa activamente nas miñas sesións de aula.	<b>4.22</b>	<b>.67</b>
5. Promovo actividades que fomentan o pensamento crítico.	<b>4.32</b>	<b>.78</b>
6. Utilizo as experiencias do estudantado para relacionalas coa materia.	4.00	.97
7. Recomendo ao alumnado visitar exposicións ou asistir a actos que se relacionen coa materia.	3.95	1.03
8. Promovo e organizo actividades complementarias fóra do horario lectivo.	<b>3.27</b>	<b>1.22</b>
9. Utilizo o traballo en equipo como estratexia didáctica.	4.05	.85
10. Emprego tecnoloxías para fomentar a participación e a interactividade.	<b>3.49</b>	<b>1.22</b>
11. Procuo que nas miñas clases exista un bo clima de relacións interpersoais.	<b>4.62</b>	<b>.68</b>
12. Fomento a asistencia do alumnado a actividades ou seminarios doutras materias.	3.84	1.12

*Nota.* Elaboración propia.

En xeral, os resultados poñen de manifesto que o profesorado ten liderado na práctica de aula actividades orientadas a unha aprendizaxe significativa do alumnado. Deste xeito, o conxunto dos ítems avaliados presentan puntuacións superiores á media aritmética, reflectindo unha tendencia nas aulas universitarias favorable ao emprego de metodoloxías activas e participativas, que animen ao pensamento crítico e ao traballo en equipo do estudantado.

Con todo, vale a pena subliñar a valoración superior de determinados ítems vencellados con aspectos clave do estilo docente, que reflicten o perfil do profesorado da Uni-CV e que demostran o seu bo quefacer (Táboa 4). Trátase da súa implicación á hora de artellar actividades dirixidas tanto a favorecer un óptimo clima interpersonal na aula ( $M = 4.62$ ;  $DT = .68$ ), como a potenciar o pensamento crítico do alumnado ( $M = 4.32$ ;  $DT = .78$ ). Ademais, froito destas actuacións, é plausible que o equipo docente acorde que o estudantado participa activamente nas sesións de aula ( $M = 4.22$ ;  $DT = .67$ ).

Porén, e aínda que as puntuacións superan a media aritmética, denótase potenciais accións de mellora no estilo docente que o presente proxecto pretende fortalecer, caso da conexión con profesionais externos á universidade ( $M = 3.08$ ;  $DT = 1.26$ ) ou da organización de actividades complementarias fóra do horario lectivo que complementen os contidos do currículo formativo ( $M = 3.27$ ;  $DT = 1.22$ ). Ao anterior engádese unha potencial vía de optimización a través da inclusión das tecnoloxías co fin de promover as competencias dixitais do estudantado ( $M = 3.49$ ;  $DT = 1.22$ ).

Ao respecto, é preciso recordar que a conexión con outros axentes sociais, como dimensión de capital social, é esencial na formación integral do estudantado, tanto en termos da súa participación como cidadán, como na súa empregabilidade. Con isto, cómpre, ademais, sinalar a urxencia de seguir traballando na mellora das competencias dixitais do estudantado. Trátase, xustamente, de cuestións que convén impulsar nas aulas do país en liña coas necesidades sociais xa identificadas pola representación governamental e que se recollen oportunamente no apartado 2 deste informe.

A esixencia dun progreso nas condicións laborais do profesorado e dun óptimo recoñecemento institucional do seu labor poden desempeñar un rol clave ao respecto, o que xustifica a necesidade de alentar proxectos orientados á formación do profesorado e ao fortalecemento dun óptimo compromiso da Academia coa súa contorna.

#### *4.4 Perspectiva do profesorado universitario sobre o compromiso social da universidade*

De xeito similar ao interrogante anterior, neste caso cuestionouse ao profesorado da Uni-CV, dende a súa actuación pedagóxica, pola súa percepción sobre a responsabilidade social universitaria. Sen dúbida, os e as docentes acordan que a Academia ten unha misión clave en reforzar o compromiso cívico-social da comunidade educativa, así como na formación persoal e profesional do estudantado. Isto demóstrase nos valores acadados que, con excepción dun ítem (5), superan medias de 4 (Táboa 5).

**Táboa 5***Estatísticos descritivos da Escala de visión do compromiso social universitario*

Ítems	M	DT
1. A universidade debe formar ao estudiantado en competencias cívico-sociais.	4.59	.64
2. A universidade debe procurar vías que fagan visible a responsabilidade social.	<b>4.69</b>	<b>.58</b>
3. A universidade debe preocuparse pola formación ética do estudiantado.	<b>4.73</b>	<b>.61</b>
4. Os servizos de participación e integración universitaria son necesarios na universidade.	4.50	.70
5. A participación en programas de servizo á comunidade debería ser obrigatoria para os e as estudantes.	<b>3.62</b>	<b>1.06</b>
6. A universidade debe transmitir ao alumnado os principios da profesión para a que se están formando.	4.59	.64
7. A universidade debe preparar para xestionar grupos.	4.28	.85
8. O contacto do alumnado con persoas doutras culturas e colectivos sociais é moi enriquecedor para a súa formación.	<b>4.62</b>	<b>.68</b>
9. As necesidades e problemas da vida diaria son unha oportunidades de aprendizaxe.	<b>4.64</b>	<b>.59</b>

*Nota.* Elaboración propia.

Agora ben, o profesorado resalta catro (4) cuestións fundamentais, pensando nas súas miradas profesionais como protagonistas do compromiso social universitario. As dúas primeiras teñen que ver coa xeración de vías para facer visible a responsabilidade social da institución universitaria ( $M = 4.69$ ;  $DT = .58$ ), así como coa inescusable preocupación pola formación ética do estudiantado ( $M = 4.73$ ;  $DT = .61$ ).

A terceira e cuarta oríentanse, en maior medida, á práctica docente individual, na que defenden a necesidade de conectar e enriquecer a formación impartida na aula tanto mediante as experiencias vitais do estudiantado ( $M = 4.64$  ;  $DT = .59$ ), como a través do contacto con persoas e colectivos doutras culturas ( $M = 4.62$ ;  $DT = .68$ ). Ambos elementos, dende logo, son capitais na consecución dunha aprendizaxe significativa e contextualizada no eido comunitario.

Trátase, pois, de núcleos vitais na incorporación da aprendizaxe-servizo nas aulas universitarias, centro nuclear do proxecto, pois precísase de docentes que faciliten o contacto directo do estudiantado co seu medio, co propósito de dar unha resposta efectiva ás necesidades sociais. A través da súa traxectoria individual e social previa, e mediante a formación recibida nas aulas, o estudiantado pode ser quen de promover solucións que sexan canais de transformación das sociedades nas que viven.

Igualmente, non é baladí a defensa dun compromiso institucional orientado ao desenvolvemento integral do estudiantado. O profesorado da entidade caboverdiana reitera a responsabilidade da Academia tanto na formación en competencias cívico-sociais, como na contribución á mellora da empregabilidade dos e das estudantes, ambos ítems (1 e 6) con idéntica puntuación ( $M = 4.59$ ;  $DT = .64$ ).

Unha das puntuacións máis baixas, se ben superando a media aritmética, atópase cando os/as docentes responden sobre a obrigatoriedade da participación do alumnado en servizos á comunidade ( $M = 3.62$ ;  $DT = 1.06$ ). Aínda que, para conseguir o anterior, será imprescindible partir dun compromiso social propio que, non doutro modo, haberá de fortalecerse nas aulas universitarias con metodoloxías de compromiso coa comunidade, caso da ApS, ou a través da flexibilización das condicións académicas e persoais nas que se sitúa o estudiantado.

En termos globais, a visión do profesorado sobre o compromiso social da universidade, deixa latente a necesidade de seguir camiñando cara a institucións que, no auxe da globalización e dunha “modernidade líquida”, estean comprometidas coa formación de futuros e futuras profesionais con responsabilidade e compromiso co desenvolvemento sostible no marco dunha cidadanía global. Así pois, de novo, o constatado ata o momento reconducenos aos retos destacados por entidades gobernamentais xa recollidos en apartados precedentes do informe, que imprimen na educación o desexo dos mellores futuros liderados pola cidadanía.

#### *4.5 Axuste dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no quefacer docente*

Chegando ao último bloque de preguntas, centrais nos achados deste traballo, é preciso conectar o perfil do profesorado, contemplado con anterioridade, coa atención expresa no seu quefacer docente aos desafíos formulados na Axenda 2030. Con dito propósito, preguntouse aos e ás participantes polo grao en que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) son abordados na súa docencia.

En xeral, os achados apuntan a unha atención incipiente destes retos nas aulas universitarias, aínda que destacando a consideración no referente a un dos desafíos clave para o sistema educativo, o ODS 4 “Educación de calidade”, que presenta unha media moi elevada e diferencial con respecto ao resto dos ítems avaliados (Táboa 6).

## Táboa 6

Atención no quefacer do profesorado universitario de Cabo Verde aos ODS da Axenda 2030

Ítems	M	DT
1. Fin da pobreza	3.16	1.17
2. Fame cero	<b>2.86</b>	<b>1.18</b>
3. Saúde e benestar	3.76	1.19
4. Educación de calidade	<b>4.38</b>	<b>.92</b>
5. Igualdade de xénero	3.46	1.43
6. Auga limpa e saneamento	3.00	1.35
7. Enerxía accesible e non contaminante	<b>2.95</b>	<b>1.35</b>
8. Traballo decente e crecemento económico	3.62	1.32
9. Industria, innovación e infraestrutura	3.05	1.41
10. Redución das desigualdades	<b>3.62</b>	<b>1.40</b>
11. Cidades e consumo sostibles	3.41	1.36
12. Produción e consumo responsable	3.43	1.32
13. Acción polo clima	3.38	1.28
14. Vida submarina	<b>2.89</b>	<b>1.37</b>
15. Vida y ecosistemas terrestres	3.00	1.35
16. Paz, xustiza e institucións sólidas	<b>3.57</b>	<b>1.44</b>
17. Alianza para logralos obxectivos	3.22	1.38

*Nota.* Elaboración propia.

Do mesmo xeito, tense constatado que os e as docentes están preocupados/as por integrar contidos e actividades vencelladas cos ODS 10 “Redución das desigualdades” (M = 3.62; DT = 1.40) e 16 “Paz, xustiza e institucións sólidas” (M = 3.57; DT = 1.44). Xunto co ODS 4, presentan retos inescusables na contorna caboverdiana, que reflicten as preocupacións dos e das docentes por traballar cara unha cidadanía democrática que sexa quen de reducir as inequidades presentes, e mesmo por confiar nas oportunidades da educación para a transformación social.

Pola contra, é escasa a presenza nas aulas de accións formativas asociadas aos ODS 7 “Enerxía accesible e non contaminante” (M = 2.95; DT = 1.35) e 14 “Vida submarina” (M = 2.89; DT = 1.37). Isto pode ter que ver co perfil do profesorado participante, asociado ás áreas de coñecemento das Artes e Humanidades e das Ciencias Sociais e Xurídicas. Agora ben, con todo, estes ODS relaciónanse fortemente coas necesidades sociais presentadas no contexto e que deben ser fortalecidos, nunha perspectiva transversal na docencia, en tanto que son cardinais no traballo cara a un desenvolvemento sostible. Polo tanto, poden ser estimados como unha actuación docente de potencial mellora e incluso de potencial abordaxe nos proxectos de ApS.


#### 4.6 Perspectiva do profesorado universitario sobre as necesidades sociais de atención urgente na contorna caboverdiana

Para rematar, neste último bloque de preguntas, ligado directamente co anterior, foi preciso cuestionar aos e ás docentes polas tres (3) necesidades sociais que, de xeito específico, consideran que deben ter unha atención de maior urxencia na súa contorna. Para isto, preséntase unha listaxe das prioridades transversais establecidas no V Plan Director de cooperación galega, co fin de coñecer as que son percibidas como máis relevantes( Figura 7).

As respostas contrastan coa abordaxe no quefacer docente dos ODS, cuxos achados se reflicten na pregunta de investigación precedente. Xa que logo, as máis salientadas son a “erradicación da pobreza multidimensional” (26.6%) e a “defensa da sustentabilidade e a loita contra o cambio climático” (20%). Recordemos, especialmente, que esta última necesidade social tense abordado en menor medida nas aulas (Táboa 6).

**Figura 7**

*Necesidades sociais priorizadas polo profesorado universitario de Cabo Verde (%)*



*Nota.* Elaboración propia.

Cunha atención nada trivial, o profesorado distingue tamén como necesidades prioritarias a “participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil” (15.6%), “a equidade e loita contra as desigualdades” (13%), “o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade” (11%) e o “enfoque baseado nos dereitos humanos” (11%).



## Conclusións

O devir mundial caracterízase por patróns complexos que remiten a necesidades sociais que existen a participación da cidadanía na articulación das posibles respostas que se lles ofrecen. Así, na órbita da globalización, non será posible a transformación social sen o empoderamento de persoas e colectivos sociais e en contornas plenas de valores sociais e culturais cuxa perda terá unha repercusión clara no conxunto da humanidade.

O que se detalla neste informe non é máis que o sentir do profesorado universitario como protagonistas no seo da educación cun firme compromiso co futuro e coa creación de mellores oportunidades nas comunidades que os/as rodean. Trátase de axentes claves na transferencia do coñecemento que confían, tal e como asegura Santos Rego (2020, p. 10), en que “o que de verdade importa é o uso que se vai a facer dun coñecemento na práctica para a súa mellora e/ou transformación en procesos de valor engadido”.

Neste senso, os resultados ofrecidos e detallados neste informe, poñen de manifesto distintas oportunidades para intervenir no marco dos desafíos presentados tanto pola Axenda 2030 como no V Plan Director de Cooperación Galega, pero tamén dificultades que afrontar no propósito de aportar unha resposta acomodada ás realidades que impactan na contorna caboverdiana. Ambos supostos (oportunidades-dificultades) configuran unha contorna propicia para poñer en marcha e seguir difundindo ao redor do globo, no marco do ODS 4 “Educación de calidade”, as posibilidades que ofrecen metodoloxías activas como a aprendizaxe-servizo na que, a través de proxectos contextualizados, os e as estudantes realizan un servizo á súa comunidade en conexión coas competencias que están a desenvolver nas aulas universitarias.

